

## As flores da memoria

Escrito por Carlos Méixome  
Mércores, 28 Novembro 2007 04:48

---



Andei estes días acompañando por algunhas horas ao profesor Fernando Rosas na súa visita a Tui, Vigo e Baiona. Os seus traballos posúen unha grande importancia para o coñecemento do Estado Novo, tanto polas obras de referencia sobre o período por el escritas ou dirixidas (*Salazar e o Salazarismo* (dirección), 1989, *Estado Novo*, 1994, *Dicionário de História do Estado Novo* (dirección), 1995-96

ou *Portugal Século XX. Pensamento e Acção Política*, 2004) como polo labor director do [Instituto de História Contemporânea](#), fundado en 1990, é integrado polos docentes de Historia Contemporânea do Departamento de Historia da FCSH, ou pola orientación que prestou a numerosos investigadores.

Mais o Rosas está hoxe, como moitas outras persoas, empeñado en evitar o “apagamento da memoria”, da memoria das ditaduras do século pasado, do fascismo e da represión pero tamén dos dereitos sociais conquistados con suor e sangue polos traballadores na pasada centuria e hoxe ameazados. Considera, moi atinadamente, que se a xente se esquece do moito que custou acadar a xornada laboral de oito horas, a seguridade social ou o ensino público, ao neoliberalismo seralle moito máis doado impor os recortes sociais que está a realizar, como tamén, se esquecemos as ditaduras e os sufrimentos da pasada centuria deslizarémonos irresponsablemente cara ao estado de guerra xeral no que o imperio anda a matinar.



Insistiu en visitar o monumento de Silverio Rivas en Tui, sobre o Miño, preto de San Domingos, onde, contra as súas paredes, foron fusilados ducias de republicanos tudenses, da Louriña e do Baixo Miño. Alá fomos, noite pecha, e como sempre, ao pé do bloque de granito arrubiado ao que lle arrincaron a silueta humana, flores frescas. O sábado, antes da súa conferencia en Baiona achegámonos ata a Volta dos Nove para contemplar a obra de Fernando Casás. Como sempre, ao pé da árbore de bronce truncado, cortado, como a vida dos

## **As flores da memoria**

Escrito por Carlos Méixome

Mércores, 28 Novembro 2007 04:48

---

nove veciños do Miñor alí asasinados, flores frescas. Nos dous lugares, como sempre, flores da memoria permanentemente repostas por mans familiares, amigas, anónimas.